
Facultade de Historia

Información básica



O grao en Xeografía e Historia proporciona ao alumnado unha serie de competencias que integran a aprendizaxe de coñecementos, a adquisicións de habilidades e destrezas e a formación en actitudes e valores. Na liña doutras titulacións recoñecidas nas universidades europeas, además de englobar contidos das disciplinas de Xeografía, Historia e Historia da arte, a oferta da nosa Facultade dota ao alumnado dunha serie ampla de competencias xerais e específicas.

Grao Xeografía e Historia (Plano 2014/15)

Destaca o **carácter humanístico** das disciplinas cunha longa e consolidada traxectoria académica e universitaria, e a súa capacidade para coñecer a orixe e a evolución de moitas das realidades culturais do noso tempo. En conxunto ofertamos unha formación básica en contidos interdisciplinares relativos ao coñecemento da estrutura diacrónica do pasado, das coordenadas espazo-temporais, interrelacionadas coas xeográficas e artísticas.

A formación inclúe ámbitos temáticos e territoriais específicos e contidos instrumentais, a través das **prácticas** que os nosos estudantes realizan en diversas institucións e empresas. O coñecemento do noso pasado permite achegarse as ferramentas analíticas e conceptuais que a súa vez incitan á reflexión, á crítica e ao respecto pola diversidade e a alteridade; en definitiva o coñecemento doutras realidades, moi variadas fomenta os valores humanos e achega principios éticos tan necesarios na sociedade actual.

O carácter multidisciplinar e polivalente dos estudos (Historia, Arte e Xeografía) capacita para un **amplo abanico de saídas profesionais** aos seus egresados, que resultan tan competitivos como os especializados nunha soa das disciplinas humanísticas, tendo en conta da cada vez maior flexibilidade do actual mercado laboral entre titulacións e postos de traballo. Os servizos educativos, os servizos da administración, os medios de comunicación, os centros de educación superior e secundaria, e un longo espectro de institucións e empresas, proporcionan un marco para o desempeño de actividades relacionadas co perfil formativo do grao, preparando para unha gran variedade de actividades.


Ademais, a riqueza histórica, artística, arqueolóxica e natural proporciona unha estreita relación entre os estudos

universitarios e o mercado laboral, abrindo unha nova vía de profesionalización ante a crecente consideración do legado cultural herdado como recurso dotado de valor económico ou produtivo. A demanda e saídas profesionais no terreo da conservación, protección, xestión e difusión do patrimonio e o resto de actividades relacionadas co turismo cultural abren un amplo horizonte á saída profesional dos futuros graduados, que poden nesa liña especializarse no máster que ofertamos.

Co obxectivo de dar resposta á demanda social de diferentes profesionais, e aos futuros graduados/as posibilítase unha continuación académica coherente con dous Másteres: Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio.

Unha situación similar presenta o **Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedad** orientado á especialización en arqueoloxía.

Presentación



A Facultade de Historia da Universidade de Vigo, sita no Campus Universitario de Ourense, oferta tres titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES): un Grao e dous Posgraos.

Xunto á habitual **modalidade presencial**, poderase optar pola modalidade semipresencial, sempre que se xustifique a imposibilidade de asistir con regularidade ás aulas; os motivos deben estar en relación con obrigas de carácter laboral, familiar, atención a persoas dependentes, actividades deportivas de alto nivel, necesidades educativas especiais. O proceso para acollerse a esta modalidade terá lugar unha vez formalizada a matricula; estudante debe cubrir un impreso coa solicitude e entregar a documentación xustificativa.

Os docentes poñerán a disposición destes estudantes o material preciso a través da plataforma de teledocencia e os medios para superar as materias do grado, en igualdade de condicións que os presenciais.

A oferta de **Posgrao** contempla dúas titulacións:

- **Mestrado semipresencial en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio**, en colaboración coa Escola Superior de Enxeñería de Minas do campus de Vigo.

- Mestrado Interuniversitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade **(**USC **y** U Vigo**) coa participación do Instituto de Ciencias do Patrimonio (**Incipit**) do CSIC.** O seu programa ten unha doble orientación: profesionalizante e investigadora. Na súa primeira vertente, aspira a formar arqueólogos que poidan desenvolver a sua labr profesional neste campo nos próximos anos; na segunda, da paso ao programa de doutoramento da USC Historia, Xeografía e Arte.

Neste documento:

- Localización
- Normativa e Lexislación
- Servizos e Infraestruturas do Centro
- Outra Información do Centro
- Calendario Académico
- Información de Interese

Localización

No Campus de Ourense dende 1990

Facultade de Historia de Ourense
Campus Universitario As Lagoas s/n
32004 Ourense
Teléfono: 988 387101
Fax: 988 387328


E-mail Secretaría Decanato: sdefho@uvigo.es

Páxina web: http://historia.uvigo.es/gl/

Facebook: https://www.facebook.com/facultadehistoriaourense

Instagram: https://www.instagram.com/historiaourense/

Organización e Funcionamento do Centro



Organos de Goberno

 Decanato

 Xunta de Facultade

 Comisión Permanente da Facultade

 Comisión de Calidade

 Departamentode Historia, Arte e Xeografía

Equipo de Goberno

 Decana:

Profa. Dra. Susana Reboreda Morillo

Tfno.: 988 38 72 69

rmorillo@uvigo.es

 Vicedecano:

Prof. Dr. Adolfo Fernández Fernández

Tfno : 988 38 71 11

adolfo@uvigo.es


 Secretaria:

Dna. Josefina Cadilla Lomba

Tfno.: 988 36 88 55

sfho@uvigo.es

Normativa e Lexislación



Normativa xeral das Universidades

Normativa específica da Universidade de Vigo

Normativas da Facultade de Historia

- Regulamento Rexime Interno da Facultade de Historia
- Regulamento para a elaboración dos horarios docentes e a planificación de ocupación de espazos na Facultade de

Historia de Ourense

- Regulamento de Prácticas Externas
- Regulamento do Traballo de Fin de Grao


Normativa xeral das Universidades

Normativa específica da Universidade de Vigo

Normativas da Facultade de Historia

- Regulamento Rexime Interno da Facultade de Historia
- Regulamento para a elaboración dos horarios docentes e a planificación de ocupación de espazos na Facultade de Historia de Ourense
- Regulamento de Prácticas Externas
- Regulamento do Traballo de Fin de Grao

Servizos e Infraestructuras do Centro



CAMPUS NORTE

A actividade se articula en 3 edificios:

- Edificio Facultades (máis coñecido como Edificio de Ferro)
- Pavillón Olga Gallego (2)
- Pavillón Concepción Ramón Amat (1)

O EDIFICIO FACULTADES

Acceso

- Conserxería
- Aulas

1º andar

- Secretaría Administrativa da Facultade
- Aula de Informática

- Delegación de Alumnos

2º andar

- Laboratorios docentes: Arqueoloxía, Historia da Arte, Xeografía, Historia Medieval
- Aulas

4 ºandar

- Vicerreitoría do Campus de Ourense
- Decanato
- Salón de Graos

DISTRIBUCIÓN DE AULAS DE HISTORIA - EDIFICIO DE FERRO

CURSO AULA HORARIO

- 1º Grao 0.5 mañá e tarde (Planta Baixa)
- 2º Grao 0.6 mañá e tarde (Planta Baixa)
- 3º Grao 0.7 mañá e tarde (Planta Baixa)
- 4º Grao 0.7 mañá e tarde (Planta baixa)
- Aula de videoconferencia/máster: 2.3 (2º andar)
- Prácticas 1º Grao. Grupo 1, 0.5; Grupo 2, 2.2 (2º andar)
- Prácticas 2º Grao. Grupo 1, 0.6, Grupo 2, 2.3 (2º andar)

PAVILLÓN OLGA GALLEGO (2)

- Despachos dos/as profesores/as (1º andar e soto)
- Laboratorio de Prehistoria, Historia Antigua, Historia Moderna, Historia Contemporánea e Historia de América (soto)

PAVILLÓN CONCEPCION RAMÓN AMAT (1)

- Aula de Máster
- Sala de exposicións ALTERARTE (planta baixa)

DISTRIBUCIÓN DE LABORATORIOS DE HISTORIA

DENOMINACIÓN LOCALIZACIÓN EDIFICIO


- Laboratorio de Informática PRIMEIRO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Xeografía SEGUNDO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Arqueoloxía SEGUNDO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Historia Medieval SEGUNDO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Prehistoria e Historia Antiga SOTO PAVILLÓN 2
- Laboratorio de Historia Moderna e Contemporánea SOTO PAVILLÓN 2

PLATAFORMA DE TELEDOCENCIA (http://faitic.uvigo.es)

- Curso virtual do Grao en Xeografía e Historia
- Curso virtual do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural


Manual Primeiros Pasos na plataforma Moodle

Calendario Académico



Pódese acceder ao calendario, horarios e datas de exámenes na web do centro: http://historia.uvigo.es/gl/docencia/calendario-escolar

Outra información do centro



Plan de Autoprotección Universidade de Vigo.

Actuación en caso de Emerxencia Edificio de Ferro

Plan 1

Plan 2

Delegación de alumnado

Funcións:

É o órgano de representación estudiantil institucional que se ten artellado na Facultade de Historia.

Todos os alumnos/as poden acudir á sede da Delegación para obter información e facer uso dos seus recursos. Para cubrir as súas necesidades a Delegación ten un orzamento proporcional ao número de alumnos/as que representa. Segundo o Regulamento de Estudantes no artigo 27, entre os fins da Delegación de alumnos está:

- Actuar como órganos de diálogo coas autoridades académicas no establecemento dunha información adecuada sobre a vida universitaria.
- Xestiona-los seus recursos.
- Promover e coordinar actividades de extensión universitaria.
- Elixi-los seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, naqueles casos para os que non exista regulamento de elección.

Representantes: http://historia.uvigo.es/gl/alumnado/delegacion-de-alumnado

Localización

Edificio Facultades. 1º Andar

Tfno: 988 38 73 05

E-mail: dafho@uvigo.es

Normativa


- Regulamento Estudantes
- Estatuto Estudantado (BOE 31/01/2010)
- Normativa de Permanencia da Universidade de Vigo
- Regulamento de Voluntariado

- ## Plan de Acción Titorial

  ## Outra información de interese para o alumnado

  - Actividades culturais

Información de Interese



ESTUDAR EN OURENSE

Estudar na Universidade de Vigo

Guía turística de Ourense

Aloxamento enOurense

Hoteis e Hostais

Pisos compartidos. Contactarcoa ORI.

Información para o alumnadoda Universidade de Vigo:

Alumnadoda Universidade de Vigo

CONTACTOS INTERESEUNIVERSIDADE DE VIGO

Páxina web:

http://www.uvigo.es/

Central: 986 81 20 00

Información Xeral: 986 81 3600

Información ao alumnado: 98681 36 30

Rexistro xeral da universidade: 986 81 39 02

Rexistro do Campus de Vigo: 986 81 36 10

Rexistro do Campus de Orense: 988 38 71 03

Gabinete de prensa: 986 81 3604. prensa@uvigo.es

AREA DE SERVIZOS Á COMUNIDADE

Actividades culturais: 986 8136 03/ 26. vicext@uvigo.es

Actividades deportivas: 986 8121 82 / 986 81 22 04; deportes@uvigo.es

Servizo de alumnado: 986 81 360 /09 xsadal@uvigo.es

LERD de Vigo: 986 81 37 71 /72

LERD de Orense: 988 38 71 02

Bolsas: 986 81 19 99 / 813612. bolsas@uvigo.es

Asesoría Xurídica: 986 81 3576

Oficina ORI: 986 81 21 78 /986 81 35 50 ; ori@uvigo.es

Oficina do Medio Ambiente(OMA): 986 81 38 83; oma3@uvigo.es

BIBLIOTECA DO CAMPUS DE OURENSE

Presente fisicamente nos trescampus, a Biblioteca Universitariacontaen cada un deles cunha biblioteca central e varias salas repartidas polasescolas e facultades que compoñen a Universidade.

A Bilioteca Centraldo Campus de Ourense, fundada no ano 2000, conta cun fondo de uns 100.000 libros eunhas 750 publicacións periódicas divididas en diferentes temas como son axeografía, historia, arte, dereito e química.

Servizos que ofrece:

Préstamo interbibliotecario anivel nacional e internacional.

Préstamo para alumnos, PDI ePAS.

Información bibliográfica,búsquedas e referencias bilbiográficas.

Catálogo automatizado ecolectivo de publicacións periódicas (a nivel nacional).

Contacto:

Conserxería (988 387320)

Campus As Lagoas - 32004- Ourense

Horario de atención aopúblico: De luns a venres de 8:30h a 21:00h

Acceso aoCatálogo da Biblioteca

CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO DAUNIVERSIDADE DE VIGO

Basta con estar matriculadona Universidade e dispor do cartón universitario.

No momento de formalizar amatrícula créase unha conta de correo cun nome de usuario e coa extensiónalumnos.uvigo.es

Con ese nome de usuario e esaclave tamén poderás acceder á rede WIFI. Todas as instalacións da Universidadede Vigo teñen acceso a internet por rede WIFI

http://www.uvigo.es

CARNETUNIVERSITARIO

O Carné Universitario é unhatarxeta intelixente realizada en colaboración co Santander, que acredita oestudantado, profesorado e personal de administración e servizos como membrosda comunidade universitaria.

Ademais de todas asfuncións asociadas ás tarxetas intelixentes, o carné poderá dispoñer deservizos financeiros 4B Maestro, se se solicitan voluntariamente

Para qué podes utilizalo?

Acreditaciónuniversitaria

Acceso arecintos e ordenadores das aulas de informática e persoais*

Préstamode libros en bibliotecas

Consultasen Puntos de Información e, opcionalmente, en caixeiros 4B*

Tarxeta deportiva

Moedeiro electrónico

Descontos encomercios

Tarxeta 4B Maestro (opcional)

FirmaElectrónica

Solicítao en calquera momentonas Oficinas Universitarias Santander do campus, levando unha fotografíarecente. Recibiralo no teu domicilio particular. Para que inclúa o servizo 4BMaestro só necesitas ser titular dunha conta bancaria no Santander. Esta contanon ten nin gastos de administración nin de mantemento.

O Carné Universitario non haique renovalo cada ano. Para activar a función financeira diríxete á OficinaUniversitaria.

SEGUROESCOLAR

Os alumnos da Universidade deVigo, sexa cal for a súa nacionalidade ou estudos que cursen, quedan cubertospor un seguro escolar. Do mesmo xeito que se regula para os niveis educativosprevios, a Lei establece a cobertura obrigatoria.

Ademais, a Universidade deVigo subscribiu un seguro adicional, segurocum laude, para todos os seus alumnos, incluídos aqueles que nonquedan cubertos polo seguro obrigatorio. Ambos os seguros páganse no momento deformalizar a matrícula, polo que non teñen custo adicional algún.

Con carácter complementarioaos dous anteriores, a Universidade de Vigo dispón dun seguro voluntario, seguro cum laude plus, conmaiores coberturas que aqueles e a un custo moi reducido (ao redor de 10 eurospor curso).

OUTROS SERVIZOS

- **Actividades Culturais**
- **Deportes**
- **Voluntariado**

- **Area de Emprego**
- **Fundación Universidade de Vigo**
- **Gabinete psicopedagóxico**
- **Tribunal de Garantías**

Grao en Xeografía e Historia

Materias			
Curso 3			
Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
O02G251V01501	Historia antiga da Península Ibérica	1c	6
O02G251V01502	Historia da arte moderna	1c	6
O02G251V01503	Historia medieval da Península Ibérica	1c	6
O02G251V01504	Prehistoria da Península Ibérica	1c	6
O02G251V01505	Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe	1c	6
O02G251V01601	Historia contemporánea de España	2c	6
O02G251V01602	Historia da arte contemporánea	2c	6
O02G251V01603	Historia moderna de España	2c	6
O02G251V01604	Mundo actual	2c	6
O02G251V01605	Sistemas de representación xeográfica	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia antiga da Península Ibérica				
Materia	Historia antiga da Península Ibérica			
Código	O02G251V01501			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Reboreda Morillo, Susana María			
Profesorado	Reboreda Morillo, Susana María			
Correo-e	rmorillo@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Materia do programa English Friendly. Os/as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés. Coñecemento dos principais acontecementos e dos procesos de cambio e permanencia que tiveron lugar ao longo da Historia Antiga Roma e a Península Ibérica seguindo unha perspectiva diacrónica. Trátase de incentivar a actitude crítica dos alumnos mediante a análise actualizada da realidade de Roma e da Península Ibérica na Antigüidade.			

Competencias	
Código	
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
C13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
C16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
C19	Coñecemento da historia nacional propia
C23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
D1	Capacidade de análise e síntese
D3	Capacidade de organización e planificación
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D7	Capacidade de razoamento crítico
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica	A5	B5	C16 C19 C23	D1 D3 D7
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado				D1 D7
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e a súa contorna	A4		C13	D7
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes históricas e das interpretacións historigráficas	A5		C19 C23	D3 D4 D11
Comparación da Historia de España con procesos históricos similares do resto do mundo con especial incidencia na Historia de Europa	A4		C13 C19	D3 D4

Contidos	
Tema	
1. Introdución	1.1. Fontes para o estudo da Historia Antiga da Península Ibérica. 1.2. Situación previa: os pobos prerromanos e os pobos colonizadores

2. Hispania Romana: A República. Roma e a Península Ibérica.	2.1. A República romana. 2.2. A orixe e a expansión de Roma na Península Ibérica 2.3. Os intereses dos romanos da Península Ibérica 2.4 As transformacións na Península Ibérica
3. Hispania Romana: O Imperio e a Península Ibérica.	3.1. O final da conquista 3.2. O Alto Imperio 3.3. O Baixo imperio 3.4. As consecuencias da romanización

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	1	3
Lección maxistral	15	15	30
Obradoiro	6	12	18
Eventos científicos	2	0	2
Traballo tutelado	5	12	17
Resolución de problemas	10	20	30
Seminario	5	3	8
Presentación	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	13	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	22	24
Autoavaliación	0	2	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o coñecemento previo do alumnado, así como a presentar a materia. Actividades a través da plataforma Moovi ou a Aula Remota
Lección maxistral	O material docente empregado na aula será subido con antelación á plataforma de teledocencia, así como outros documentos con contidos teóricos que faciliten a comprensión do temario impartido. Exposición por parte do profesorado das claves fundamentais de cada un dos bloques temáticos. As clases serán gravadas e subidas a Moovi.
Obradoiro	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou completar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas. Actividades na aula ou a través da plataforma Moovi.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o departamento de Historia, Arte e Xeografía e/ou a Facultade de Historia. Se ben a asistencia a esta actividade non é obrigatoria, sería recomendable a súa asistencia a través, de ser posible, da aula remota.
Traballo tutelado	Traballos realizados en grupo (máximo 3 persoas), orientados a fomentar o espíritu crítico, o coñecemento dos feitos históricos e a visión dos mesmos dende diversos soportes na actualidade. A asignación de traballos deberá quedar resolta no primeiro mes do cuadrimestre.
Resolución de problemas	Actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos en moovie ou na aula remota relacionadas cos contidos expostos nas sesións maxistrais que inclúan a análise e comentario crítico das fontes propias da historia antiga, a resolución de comentarios e composicións de texto histórico, mapas e a análise e interpretación de materiais gráficos e audiovisuais.
Seminario	Sesións presenciais ou virtuais orientadas ao seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, preparación das actividades e probas de avaliación e á aclaración das diversas dúbidas que vaian xurdindo sobre aspectos da materia.
Presentación	As presentacións e exposicións relaciónanse co traballo tutelado, e será exposto na aula (física ou remota) y a través de moovie. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal. Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre a teoría da materia. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle e correo electrónico. Seguimento na aula e no Campus Remoto (enlace en Moovi).

Traballo tutelado	Seguimento individualizado das actividades orientadas á resolución de problemas en relación cos traballos realizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle e correo electrónico. Seguimento na aula e no Campus Remoto (enlace en Moovi).
Seminario	Seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, preparación das actividades e probas de avaliación e aclaración das diversas dúbidas que vaian xurdindo sobre aspectos da materia. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle e correo electrónico. Seguimento na aula e no Campus Remoto (enlace en Moovi).
Resolución de problemas	Seguimento individualizado das actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos na aula e na plataforma Moovi. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle e correo electrónico. Seguimento na aula e no Campus Remoto (enlace en Moovi).
Presentación	Previo á presentación, se comentarán os aspectos a tratar. Cando se precise, buscarase asesoramento sobre a maneira máis adecuada de levar a cabo a presentación. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle e correo electrónico. Seguimento na aula e no Campus Remoto (enlace en Moovi).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Obradoiro	Análise e comentarios críticos das fontes que proporcionan o coñecemento da Historia Antiga: textos, iconografía e material arqueolóxico. Poderá complarse cun análise crítico dalgún documental visionado na aula e subido á plataforma. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	10	A5		C19	D1 D7 D11
Traballo tutelado	Entrega a través de moovie e exposición, na data sinalada, do traballo realizado en grupo na aula (físicia ou remota). Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e a súa contorna. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	25	A5		C13 C23	D3 D4 D7
Resolución de problemas	Entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos indicados que irán en consonancia ca teoría exposta nas clases maxistrais e subida á plataforma. Presentación a través da plataforma moovie. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	10			C13 C16 C19 C23	D1 D3 D4 D7
Presentación	As presentacións e exposicións relaciónanse co traballo tutelado, e será exposto na aula (física ou remota). Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal. Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia.	5				
Resolución de problemas e/ou exercicios	Valorarase o coñecemento adquirido sobre os contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais e subidos á plataforma Moovie, nunha proba de resolución de problemas (mapas, comentarios de texto, imaxes...). Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento dos conceptos principais da Historia de Roma e da Península Ibérica. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	20	A5	B5	C16 C19 C23	D11

Exame de preguntas de desenvolvemento	Valorarase o coñecemento adquirido sobre os contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais e subidos á plataforma moovie, nunha proba de respostas curtas. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento dos conceptos principais da Historia de Roma e da Península Ibérica. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	30	A5	B5	C16 C19 C23	D11
Autoavaliación	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios sobre os contidos da materia a través de Moodle. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica	10	A5		C16	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar esta materia é preciso acadar polo menos un 5 na avaliación correspondente á Sesión maxistral.

Os/as estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os/as estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Todos os/as estudantes matriculados/as na materia teñen dereito a *dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación contínua, serán avaliados doscontidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio querepresentará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alvar Ezquerra, Jaime (dir.), **Entre Fenicios y Visigodos. La Historia Antigua de la Península Ibérica**, La esfera de los libros, 2008

Blázquez, J.Mª, Montenegro, A., Roldán, J.M., Mangas, J., Teja, R., Sayas, J.J., García Iglesias, L., **Historia de España Antigua. Tomo II: Hispania romana.**, 5, Catedra, 2007

Bravo Castañeda, G., **Historia del mundo antiguo.**, Alianza, 2008

Bravo, Castañeda, G., **Nueva historia de la España antigua**, Alianza, 2011

Díaz Martínez, P. C., Martínez Maza, C., Sanz Huesma, F.J., **Hispania tardoantigua y visigoda**, Itsmo, 2007

Gómez Espelosín, F. J., **Iberia e Hispania. Recursos para el estudio de la historia de la España antigua**, Universidad de Alcalá, 2011

Gracia Alonso, F., **Roma, Cartago, íberos y celtíberos: las grandes guerras en la Península Ibérica**, Ariel, 2006

Harrison, R. J., **Hispania, provincia imperial**, El País, 2007

Le Roux, P., **Romanos de España: ciudades y política en las provincias, siglos II a. C.-III d. C.**, Bellaterra, 2006

Roldán Hervás, J. M. (dir), **Diccionario Akal de la Antigüedad hispana**, Akal, 2006

Roldán, J.M., Santos Yanguas, J., **Historia de España. Vol.2: Hispania Romana. Madrid.**, UNED, 2004
Sánchez Moreno, E. (edit.), **Protohistoria y Antigüedad de la Península Ibérica. I: Las fuentes y la Iberia colonial**, Silex, 2007
Sánchez Moreno, E., Gómez-Pantoja, J. (coord.), **Protohistoria y Antigüedad de la Península Ibérica II: La Iberia Prerromana y la Romanidad**, Silex, 2008
Celestino Pérez, S., Armada , X.L., Ayán Vila, X.M., Blanco García, J.F., Ferrer Albelda, E., Parcer, **La Protohistoria En La Península Ibérica**, Itsmo, 2017

Bibliografía Complementaria

Abdreau (et alii), **El hombre romano**, Alianza, 1991
Andreu Pintado,Javier, Cabrero Piquero, Javier, Rodà de Llanza, Isabel (ed.), **Hispaniae. Las provincias hispanas en el mundo romano**, Institut Català d'Arqueologia Clàssica, 2009
Arce, J., **El último siglo de la España romana**, Alianza, 2009
Aubet, Mª E., **Tiro y las colonias fenicias de occidente**, Critica, 1994
Bravo Castañeda, G., **Hispania y el Imperio.**, Síntesis, 2007
Chaín Galán, A., De La Torre Echávarri, J.I., **Celtíberos. Tras la estela de Numancia (Catálogo exposición)**, Diputación de Soria, 2005
Chic García, G., **El comercio y el Mediterráneo en la Antigüedad**, Akal, 2009
Fernández Nieto, F.J. (dir.), **Historia Antigua de Grecia y Roma**, Tirant lo Bo Blanch, 2005
Gómez Espelosín, F. J., **Guerras ibéricas. Aníbal**, Alianza, 2006
Gómez Pantoja, J. (coord.), **Historia Antigua (Grecia y Roma)**, Ariel, 2003
García Moreno, L. et alii, **Historia del mundo clásico a través de sus textos, II. Roma**, Alianza Editorial, 1999
Gracia Alonso, F. (coord.), **De Iberia a Hispania**, Ariel, 2008
Jerphagnon, L, **Historia de la Roma Antigua**, Edhasa, 2007
López Castro, J. L., **Hispania Poena. Los fenicios en la Hispania romana**, Crítica, 1993
Mangas, J, **Leyes coloniales y muncipales de la Hispania romana**, Arco, 2001
Maya, J. L., **Celtas e iberos en la península ibérica**, Icaria, 1999
Pastor Muñoz, M., **Viriato. El héroe hispano que luchó por la libertad de su pueblo.**, La esfera de los libros, 2004
Pérez Vilatela, L., **Lusitania. Historia y Etnología**, Real Academia de la Historia, 2000
Plácido Suárez, D., **Hispania Antigua, vol. I de Historia de España Fontana, J., Villares, R. edit-**, Critica, 2009
Roldán Hervás, J. M., Wulff Alonso, F., **Citerior y Ulterior: las provincias romanas de Hispania en la era republicana.**, Itsmo, 2001
Santos Yanguas, J., **Los pueblos de la España antigua.**, Historia 16, 1997
Sanz, R., **Las migraciones bárbaras y la creación de los primeros reinos de Occidente**, Síntesis, 1995

Recomendacións

Outros comentarios

Ao inicio do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moovi, polo que todo o alumnado debe estar dado de alta en dita plataforma e ter cubertos os datos de seu perfil, así como a súa fotografía.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia da arte moderna				
Materia	Historia da arte moderna			
Código	O02G251V01502			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Barriocanal López, María Yolanda			
Profesorado	Barriocanal López, María Yolanda			
Correo-e	barriocanal@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Estudo das manifestacións artísticas en Italia nos séculos XV ao XVIII nas grandes xeneralizacións conceptuais que a historiografía artística sinala como Renacemento, Manierismo e Barroco. O seu desenvolvemento comprenderá a análise do proceso de producción e recepción da obra de arte durante estas centurias, a través dos creadores e obras máis significativas, tendo en conta a perspectiva histórica, social, ideolóxica e iconográfica que permiten a súa contextualización, co apoio das fontes literarias e documentais.			

Competencias	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
C28	Coñecemento das distintas metodoloxías da aproximación á Historia da Arte
C31	Coñecementos básicos de iconografía como clave para a interpretación de imaxes
C32	Coñecemento práctico dos procesos básicos da metodoloxía científica en Historia da Arte
C33	Coñecementos sobre documentación, composición de materiais e técnicas construtivas dos bens artísticos mobles e inmobles
D2	Aplicación dos coñecementos
D7	Capacidade de razoamento crítico

Resultados de aprendizaxe				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	A2 A3	B2	C28 C33	D2 D7
Lectura da obra de arte como documento excepcional dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado.	A4	B2	C28 C31 C32	D2 D7
Capacidade para a interpretación da obra de arte nos diferentes períodos de estudo dende unha perspectiva metodolóxica múltiple.	A2 A4		C28 C31 C32	D2

Contidos	
Tema	
1. Humanismo e Renacemento	1.1. Concepto. O valor concedido á antigüidade. A preocupación humanista das artes. Arte e humanismo nas Cortes italianas do Renacemento
2. Clasicismo e Manierismo	2.1. Arquitectura e urbanismo no Quattrocento e Cinquecento italiano. O plan central. As teorías sobre a cidade ideal. A plasmación da igrexa triunfante 2.2. Orientacións pictóricas das escolas italianas. 2.3. A síntesis dos valores formais e intelectuais da escultura renacentista

3. O Barroco	4.1. Concepto. O Concilio de Trento e as artes. Retórica e procedementos barrocos 4.2. A arquitectura: a igrexa e os reformadores 4.3. Patronazgo e imaxinería relixiosa do Seicento italiano

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	21	30	51
Eventos científicos	2	2	4
Saídas de estudo	5	2	7
Traballo tutelado	10	29	39
Seminario	5	3	8
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	18	19
Traballo	3	7	10
Observación sistemática	0	1	1
Cartafol/dossier	0	8	8
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión previa, orientada á presentación do desenvolvemento da materia e primeira toma de contacto cos estudantes
Lección maxistral	Clases expositivas que concentran o aprendizaxe teórico. Nas diferentes sesións se desenvolve o contido do programa, secuenciado en bloques temáticos. Para cada unidade temática ofrécese un esquema básico e bibliografía específica para seguir e profundizar nos contidos. Nas sesións empréganse recursos complementarios (proiección en power point, fontes documentais e literarias, páxinas de internet, etc.)
Eventos científicos	Asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Saídas de estudo	Saídas de estudo para a visita e análise "in situ" de monumentos e conxuntos patrimoniais relacionados co contido da materia
Traballo tutelado	Traballos dirixidos á profundización na materia e ao fortalecemento da capacidade analítica e expositiva do alumnado. Consisten na elaboración dun traballo inédito, de carácter individual, vinculado aos contidos do programa. Valolarase o acceso á bibliografía e fontes, a presentación, claridade expositiva, e a metodoloxía empregada.
Seminario	Apoio á formación do alumnado, orientado a resolver as dúbidas ou calquera outra cuestión relacionada coa materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na orientación e resolución das dúbidas plantexadas na realización dos traballos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.
Seminario	Resolución de dúbidas metodolóxicas sobre os seminarios e actividades prácticas. O seguimento realizarase a traveso dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi UVigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho, cando sexa posible.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	Valoración da comprensión e asimilación dos contidos teóricos da materia. Para superar a materia, é necesario acadar nesta proba unha calificación mínima de 2.5 puntos (sobre o 5 do total). Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da Historia da Arte Moderna como producto dun complexo proceso, aberto e contínuo	50	A3 B2

Traballo	Na súa evaluación se considerarán os seguintes criterios: singularidade e complexidade do tema de estudo escollido, metodoloxía, bibliografía e fontes consultadas, presentación, claridade e orixinalidade expositiva. Con elo o alumnado dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Capacidade para a interpretación das manifestacións artísticas do período de estudo.	20	A2 A4		C31 C32	D2
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado nas actividades programadas, visitas, debates e presentación de tarefas. Con elo o alumnado dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Aplicar os coñecementos e demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos a resolución de problemas.	10	A2 A3 A4			
Cartafol/dossier	Informe das saídas de estudo programadas como complemento da materia. Con elo o alumnado dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Lectura da obra de arte nos diferentes períodos de estudo dende unha prespectiva metodolóxica múltiple	10	A4	B2	C28	D2
Resolución de problemas e/ou exercicios	Presentación e entrega de comentarios de texto e/ou imaxes de obras de arte relacionadas coas diferentes tendencias da Arte Moderna Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	10				D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial o remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder ao mesmo porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estadísticas de acceso, realización de probas ou exercicios on line, etc.).

As sesións de lección maxistral do profesor serán gravadas en vídeo. Estas gravacións quedarán a libre disposición dos alumnos a través da plataforma Moodle, onde poderán visualizalas asíncronamente no momento que o estimen oportuno.

Para aprobar a materia é preciso obter no exame unha nota igual ou superior aos 5 puntos. A non obtención de este resultado suporá un Suspenso. Só cando se supere o exame, sumarase á súa cualificación a de as cualificacións obtidas nas actividades prácticas.

Idénticas condicións rexen para a segunda convocatoria.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a *dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos da Universidade de Vigo).

Aqueles alumnos/as que non poidan acollerse á avaliación continua, deberán comunicalo ao profesor ao inicio do curso, debidamente xustificado. Serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% da mesma.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ARGAN, Giulio Carlo, **Renacimiento y Barroco. II. De Miguel Ángel a Tiépolo**, 1ª ed, Akal/Arte y Estética, 1987

BENEVOLO, Leonardo, **Historia de la Arquitectura del Renacimiento: la arquitectura clásica (del siglo XV al siglo XVIII)**, 3ª ed., Gustavo Gili, 1988

BOUCHER, Bruce, **La escultura barroca en Italia**, 1ª ed., Destino, 1999

CASTRIA MARCHETI, Francesca, **El Barroco 1600-1700: el arte europeo de Caravaggio a Tiepolo**, 1ª ed., Electa, 2005

WITTKOWER, Rudolf, **Arte y Arquitectura en Italia. 1600-1750**, 5ª ed., Cátedra, 1988

PANOFSKY, Erwin, **Renacimiento y Renacimientos en el arte occidental**, 3ª ed., Alianza, 1981

PANOFSKY, Erwin, **Estudios sobre iconología**, 4ª ed., Alianza, 1980

WITTKOWER, Rudolf, **Los fundamentos de la arquitectura en la edad del Humanismo**, 1ª ed., Alianza, 1995

WÖLFFLIN, Heinrich, **Renacimiento y Barroco**, 2ª ed., Paidós, 1991

Bibliografía Complementaria

BLUNT, Anthony, **Teoría de las artes en Italia, 1450-1600**, 10 ed., Cátedra, 2007

BURCKHARDT, Jacob, **La cultura del Renacimiento en Italia**, 2ª ed., Akal/Arte y Estética, 2004

BURKE, Peter, **El Renacimiento italiano: cultura y sociedad en Italia**, 1ª ed., Alianza, 1993

PACCIOAROTTI, Giuseppe, **La pintura barroca en Italia**, 1ª ed., Itsmo, 2000

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso irase complementando a documentación sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moovi. Os alumnos deberán estar dados de alta e co seu perfil editado na plataforma de teledocencia Moodle (acceso via MooVi).

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia medieval da Península Ibérica				
Materia	Historia medieval da Península Ibérica			
Código	O02G251V01503			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, Francisco Javier			
Profesorado	Pérez Rodríguez, Francisco Javier			
Correo-e	fjperez@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento, comprensión e aceptación dos caracteres específicos, principais acontecementos e transformacións da sociedade da península Ibérica durante a Idade Media, prestando especial atención á súa realidade multicultural e ao ter sido o berce da realidade política actual			

Competencias	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
B5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
C13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
C16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
C19	Coñecemento da historia nacional propia
D8	Compromiso ético e responsabilidade social
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D10	Atención á diversidade e multiculturalidade.
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D14	Motivación pola calidade
D15	Sensibilidade a temas ambientais.

Resultados de aprendizaxe				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica		B3	C16 C19	D11
Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada.		B3	C16 C19	D11
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	A2	B5	C13	D14
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica.	A4	B5	C13	D9 D14
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	A2	B5	C13 C19	D8 D10 D15
Compromiso coa ética e responsabilidade social como cidadán e profesional	A2		C13	

Contidos
Tema

1.- Alta Idade Media (ss. V-X)	1.1.- Introducción á Idade Media peninsular 1.2.- Os reinos xermánicos da península Ibérica 1.3.- O predominio e esplendor de Al Andalus 1.4.- Os núcleos cristiáns do norte da Península
2.- Plena Idade Media (ss. XI-XIII)	2.1.- Da superioridade islámica á cristiá 2.2.- O equilibrio dos reinos cristiáns 2.3.- A plenitude da sociedad cristiá peninsular 2.4.- A difícil convivencia das tres culturas
3.- Baixa Idade Media (ss. XIV-XV)	3.1.- A institucionalización das monarquías 3.2.- Crise e recuperación da Europa occidental

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	22	22	44
Eventos científicos	2	2	4
Traballo tutelado	12	24	36
Seminario	3	12	15
Resolución de problemas de forma autónoma	2	6	8
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22
Traballo	4	4	8
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión orientada a presentar a materia, tomar contacto co alumnado e reunir información sobre as súas competencias, motivacións e intereses
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesor e presentación das liñas básicas para o desenvolvemento das actividades relacionadas coa mesma
Eventos científicos	Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Traballo tutelado	Elaboración e presentación de traballos feitos polo alumnado de forma individual ou en grupo
Seminario	Seguemento e aclaración de dúbidas sobre os contidos da materia así como supervisión do traballo autónomo do alumnado en relación coa mesma
